


Límiar

Pomos nas mans do nosos lectores un novo número da revista *Rudesíndus. Miscelánea de Arte e Cultura*, que deste xeito continúa con paso cada vez máis firme a súa andaina no eido das investigacións históricas e culturais da nosa terra, aínda con algunhas incertezas no horizonte, pero con esperanza e ilusión, as mesmas depositadas na Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo, á que tan firmemente se atopa vencellada.

Neste número dáse conta das actividades da Academia durante a súa segunda sesión, celebrada en Mondoñedo no derradeiro mes de Febreiro, e ven a luz varios artigos de interés que reflecten fielmente o ideario da revista, xa sinalado en anteriores volúmenes, o desvelaren aspectos importantes da Historia de San Rosendo e Celanova, así como do Camiño de peregrinación, sen esquecer a necesidade de estender a súa mirada cara a outros aspectos de interés do pasado de Galicia.

Así podemos mencionar o artigo de D. Manuel Carriedo, no que aporta ó noso coñecemento novos documentos medievais sobre Celanova. Un interesante texto de José R. Hernández sobre o proceso de canonización de San Rosendo, co que nos achega ás características medievais destas cerimonias nun intre no que se comezan a regular este tipo de conductas para superar o desorde e os abusos no que con frecuencia se incurría con anterioridade. As peregrinacións están representadas polo traballo de D. Francisco Singul no que se aborda o sempre atractivo tema da presenza do viño: produción, venda, consumo, abuso, fiscalidade e uso litúrgico, son aspectos tratados por este historiador. Outra aportación encol do camiño, neste caso procedente da Historia da Arte, é a escrita por D. Juan J. Burgoa analizando as características dos cruceiros presente a veira da Vía da Prata. Un estudo que se ven engadir a outros publicados nos derradeiros anos e que demostra un contínuo interese por estas manifestacións de piedade popular, que xogaron un papel senlleiro na difusión dos novos aspectos doctrinais asentados en Trento encol da cruz, da Paixón de Cristo, do papel da Virxe como corredentora e do culto ós santos. A Historia da Arte está tamén representada por un excelente artigo do P.



López Calo no que estuda un volume de música do século XVI procedente de Celanova, que plantexa suxerentes interrogantes ós historiadores. Cerran este número un traballo do Presidente da Academia, D. Segundo L. Pérez López, que ten como eixo central a orixe e características da devoción a San Rosendo na diócese cubana de Pinar del Río; e un artigo de Domingo L. González Lopo sobre os efectos en Galicia do terrible sismo de 1755, que non só arrasou Lisboa, senón que deixou tamén unha forte pegada –material e emotiva– nas terras do Noroeste.

Os membros do Consello de Redacción queremos facer un novo chamamento ós membros da Academia e ós suscriptores da revista, para que nos envíen orixinais co resultado das súas investigacións, asegurando desta maneira o futuro da nosa publicación. De maneira especial vai dirixida esta invitación a aqueles novos licenciados e doutorandos, que encetan agora a súa experiencia investigadora; estas páxinas están o seu dispor nestes momentos en que non sempre é doado para eles atopar un canle de difusión para o seu labor.

Non podemos concluir sen deixar constancia do agradecemento da Academia a Dirección Xeral de Turismo e á Xerencia do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia, que co seu apoio económico fixeron posible, unha vez máis, que as nosas arelas se convertisen en realidade. Confiamos que este volume mereza dos nosos lectores a boa acollida que lle outorgaron ós anteriores.

Domingo L. González Lopo

